

Aniversario por partida dobre. Estamos de noraboa por partida dobre: por unha banda celebrando que dúas das agrupacións profesionais da nosa terra estean festexando os seus respectivos aniversarios (a Banda de música municipal de Santiago de Compostela, 170 anos e a Banda de música municipal de A Coruña, 70 anos) e pola outra, que un dos seus respectivos actos centrais sexan precisamente unirse nun proxecto común para amosar a calidade e vitalidade da que gozan as agrupacións de vento na nosa terra. Este proxecto supón un punto de inicio de colaboración entre as dúas formacións que permitirá amosar ao gran público a riqueza e vangarda do repertorio do que gozan estas formacións, ademais de ser unha aposta común pola dignificación dunhas agrupacións que máis que nunca son un instrumento social vertebrador da nosa sociedade. Unhas agrupacións do pobo e para o pobo que teñen as cadeiras dos seus concertos reservadas para toda a cidadanía.

Un aniversario é sempre motivo de lelicia e celebración, e que mellor maneira de celebrar estas datas tan sinaladas para as dúas formacións que xuntando sinerxias para ofrecer un concerto do nivel que a ocasión merece. Sen dúbida debe ser un bo punto de partida para vindeiras colaboracións conxuntas que consigan visualizar a calidade e vangarda na que se atopan as bandas de música nos nosos tempos. Os nosos parabéns ás dúas formacións, tanto á Banda de música municipal de Santiago de Compostela como á Banda de música municipal de A Coruña por teren andado este camiño longo co único fin de sensibilizar a sociedade a través da música, un nobre fin que agardamos sigan desenvolvendo mil primaveras máis.

Próximos Concertos:

Día 21 de Xuño
en Santiago de Compostela

Día 27 de Xuño
ás 19.00 horas na Plaza das Bárbaras



*Como banda sonora
da cidade 1948-2018*

CONCERTO DAS BANDAS BMMC (70 ANOS) E A BMMSC (170 ANOS) POLOS SEUS RESPECTIVOS ANIVERSARIOS

PALACIO DA ÓPERA

Domingo 17 de xuño de 2018
12:15 horas

DIRECTORES TITULARES
CASIANO MOURIÑO
JUANJO OCÓN

IN CRESCENDO COA



BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



CORUÑA
PRÓXIMA

Programa

ANIVERSARIOS
PASODOBLE
Simón Couceiro

EIGHTH SYMPHONY

James Barnes

- I. Andante
- II. Scherzo
- III. Romanza
- IV. Finale

Descanso

SINFONÍA Nº 3 (THE GREAT SPIRIT)

Ferrer Ferran

- I. Gaudí
- II. La Sagrada Familia

ANIVERSARIOS
PASODOBLE *de Simón Couceiro*

Os aniversarios da Banda Municipal de Música da Coruña (70 anos) e da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela (170 anos) neste ano dan a idea ao autor de compoñer un pasodobre de homenaxe, animado sempre por compañeiros e amigos de ambas as Bandas. Será estreado conxuntamente polas dúas formacións musicais nos concertos ofrecidos no Pazo da Ópera da Coruña e posteriormente no Auditorio de Galicia.

Formalmente está estruturado con dous temas principais e o seu correspondente trío na parte central do pasodobre. Ademais, a trompeta é o instrumento que separa as introducións e que nos permite identificar cunha quasi cadenza a parte solista do instrumento.

Octava Sinfonía de Barnes

James Barnes naceu en Hobart, Oklahoma, no ano 1949 e obtivo o seu máster en música en 1975 pola Universidade de Kansas. Dende 1977 é profesor desta universidade impartindo as asignaturas de composición e orquestración. Ademais é instrumentista de tuba e Director Asociado de Bandas de Música dende fai 27 anos.

Recibiu numerosos premios polas súas composicións que casi na súa meirande parte adoitan ser para banda. Entre outros destaca o "Premio da Asociación Americana Bandmasters Ostwald", pola súa excelente música contemporánea para conxunto de vento.

Barnes viaxou extensivamente como compositor invitado, director e profesor por Europa, Australia, Xapón... e pertence a numerosas organizacións profesionais e sociedades.

THE GREAT SPIRIT (O GAUDIR DO GENI)

SINFONÍA Nº 3 PARA BANDA SINFÓNICA DE FERRER FERRAN

I. Gaudí. Fillo dun modesto caldeireiro, viviu unha infancia enfermiza na que padeceu frecuentes dores reumáticas, os que, en moitas ocasións impedíronlle realizar algo tan normal como era xogar cos outros nenos. Estas molestias físicas acompañáronlle o resto dos seus días. A maioría dos seus biógrafos afirman que naceu en Reus.

Gaudí foi o creador dunha nova arquitectura baseada nas liñas curvas. Experimentou estruturas e novas formas dunha maneira continuada. As súas ideas "corpóreas", en moitas ocasións, non foron sometidas á limitación que obrigan as dúas dimensións do papel de debuxo. Ás veces modificaba as formas directamente na obra, no momento de realización.

"...viu claramente que estas formas xeométricas simples de cando en cando danse na Natureza, que, por outra banda, constrúe excelentes estruturas, acreditadas polos longos séculos de eficacia. A estrutura dunha árbore é dunha rara perfección, moito máis

complexa e ben resolta que as estruturas creadas polos arquitectos".

"... (o) intento de Gaudí foi sinxelamente introducir un cambio de xeometría na arquitectura. Isto pode considerarse unha revolución, pero en todo caso unha revolución nada traumática, posto que a xeometría da arquitectura gaudiniana é moito máis antiga que a inventada polos arquitectos".

Ninguén podía supoñer que aquel ancián que xacía no chan, á tardiña do 7 de xuño de 1926, tras ser arroiado polo tranvía nº 30, no cruzamento da Gran Vía e a rúa Bailén de Barcelona, era o famoso Antoni Gaudí.

II. La Sagrada Familia. La Sagrada Familia é a obra máis famosa de Gaudí, á que adicou toda a súa vida ata o extremo de que viviu dentro do recinto para seguir máis de preto a construción. A sinalar que é o único gran templo actualmente en construción en todo o mundo. A obra máis coñecida de Antoni Gaudí, nin foi iniciada por el, nin evidentemente puido acabala. Á idade de 31 anos fíxose cargo da dirección das obras deste Templo, tras a dimisión do arquitecto inicial Francisco de Paula Villar, cando xa se construira unha parte da cripta subterránea.

Gaudí cambiou radicalmente o primeiro proxecto substituíndoo por un propio, moito máis ambicioso, orixinal e atrevido que o inicial. A fachada do Nacemento, é a parte da obra que Gaudí desexaba deixar rematada como mostra e exemplo para os seus continuadores, xa que el, moi ao seu pesar, tivo que aceptar que era imposible chegar a realizar unha obra desta envergadura no curto período dunha vida. Case nos inicios fora tan optimista que soñou con que podería chegar a acabala en pouco máis de dez anos. O proxecto terá un total de 18 torres e Tres Fachadas, A do Nacemento, da Paixón e da Gloria. As 12 máis baixas, corresponden ás tres fachadas, e están adicadas aos apóstolos. Catro, de superior altura, aos Evanxelistas. Sobre a ábsida, de maior diámetro, á Virxe María e a máis alta que remata todo o templo, está adicada a Xesucristo..."